



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ deputada do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

PREGUNTA (2) PARA SER FORMULADA E RESPONDIDA ORALMENTE NO PLENO ORDINARIO DO 24 DE NOVEMBRO DE 2023:

No ano 2018 os varios dos concellos da provincia asinaron coa Deputación Provincial de Ourense un convenio para a execución do proxecto: “Renovación de iluminación de instalacións de iluminación exterior en distintos concellos de Ourense”, cun orzamento preto dos 800.000€

As obras contratadas pola propia Deputación remataron no ano 2021.

Algunhas das luminarias instaladas orixinaron problemas de funcionamento, mesmo con substitucións durante a propia execución do proxecto e outras con posterioridade, asumindo os concellos o custo tanto da instalación como das novas luminarias. No caso do concello de Entrimo o cambio de luminarias foi de 40 unidades, superando esta substitución un cargo para as arcas municipais de máis de 10.000€.

Tendo en conta que estas avarías se producen todavía no período de garantía e non sendo un feito puntual, senón habitual e recorrente.

¿Vai a Deputación Provincial de Ourense a reclamar as empresas adxudicatarias a execución da garantía e correr estas cos gastos que están a ocasionar o mal funcionamento das luminarias instaladas ?

Ourense, a 21 de novembro de 2023

Asinado: Elvira Lama Fernández

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE